Artigo 11º.-A comisión permanente.

1. A comisión permanente está composta polos seguintes membros:

1.1 Presidencia: a vicepresidenta ou vicepresidente do Consello Asesor do Libro.

1.2. Vicepresidencia: o titular da subdirección xeral competente en materia do libro e da lectura.

1.3. Vogais:

-Catro vogais dos sinalados no punto 1.3.1 do artigo 3.

-Un dos vogais de entre os sinalados no punto 1.3.2 do artigo 3, agás o titular da subdirección xeral competente en materia do libro e da lectura, que actúa como vicepresidenta ou vicepresidente da comisión.

2. Actúa como secretaria ou secretario o do Consello Asesor do Libro.

3. Son funcións da comisión permanente:

a) Elevar ao pleno, co seu parecer, os estudos e informes dos grupos de traballo que, de ser o caso, se constitúan.

b) Elevar ao pleno as propostas de acordo que xulgue convenientes.

c) Coñecer e emitir informe sobre as cuestións previstas no artigo 2.2 deste decreto, salvo que a presidencia decida expresamente sometelas ao coñecemento do pleno.

d) Examinar previamente os asuntos que teña que tratar o pleno.

e) Garantir a efectiva aplicación dos acordos do pleno e contribuír á preparación das reunións deste informándoo das súas propias actuacións.

f) Aquelas funcións que acorde delegarlle o pleno.

4. A comisión permanente reunirase sempre que sexa necesario, conforme a decisión da presidencia e consonte a convocatoria realizada pola secretaria ou secretario, que irá acompañada pola orde do día. Tamén poderá ser convocada por petición da metade máis un dos seus membros, debendo facerse unha relación dos asuntos que se van tratar. A notificación da secretaria ou secretario deberá ser realizada cunha antelación mínima de corenta e oito horas, salvo nos casos de urxencia, que se poderá reducir a vinte e catro horas.

5. A comisión permanente funcionará, en canto lle sexan de aplicación, conforme as normas establecidas para o consello en pleno.

6. A presidencia da comisión permanente terá, respecto a esta, as mesmas facultades que a presidencia do consello respecto ao pleno.

Artigo 12º.-Os grupos de traballo.

1. Para o estudo de temas concretos, no seo da comisión permanente, poderanse constituír grupos de traballo de carácter temporal que estarán integrados polos membros do Consello Asesor do Libro e os técnicos ou expertos na materia que a presidenta ou presidente da comisión permanente, por proposta da súa vicepresidenta ou vicepresidente, designe.

2. Os informes emitidos por estes grupos de traballo non terán carácter vinculante e elevaranse á comisión permanente, que dará traslado destes ao pleno.

*Disposición transitoria*

A proposta para a primeira designación dos vogais a que se refire o punto 1.3.1 do artigo 3 será realizada pola Mesa do Libro e da Lectura.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Desenvolvemento e execución.

A conselleira ou conselleiro competente en materia de cultura queda facultado para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Decreto 179/2007, do 6 de setembro, polo que se modifica o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda por conta da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.*

Tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia* o día 13 de febreiro de 2006 do Decreto 18/2006, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008, advírtese a conveniencia de efectuar determinadas modificacións.

Como consecuencia da modificación efectuada ao Decreto 18/2006 mediante o Decreto 145/2006, do 27 de xullo, convén concretar os efectos da limitación dos prezos dos garaxes e rochos cando a declaración

de protección se efectúa unicamente por escaleiras ou por plantas enteiras.

Así mesmo, co fin de unificar criterios respecto dos prezos de referencia para venda e renda, incorpórase un novo parágrafo no artigo 9.6º que eleva o coeficiente de 1,75 a 1,80 para as vivendas de renda concertada cando estean situadas en ámbito territorial de prezo máximo superior, co fin de poder aplicar o incremento porcentual para os ámbitos territoriais declarados de prezo máximo superior.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día seis de setembro de dous mil sete,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modificación do Decreto 18/2006, do 28 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda por conta da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

Un.-Engádese un segundo parágrafo ao artigo 9.5º, que queda redactado como segue:

«No caso de que a declaración de protección se efectúe só por escaleiras ou por plantas enteiras, a limitación do prezo de venda de garaxes e rochos non imperará para a totalidade senón unicamente para dous garaxes e un rocho por vivenda protexida, con independencia de que estean vinculados a ela ou non. Se o garaxe fose común para máis dun edificio, procederase do mesmo xeito».

Dous.-Engádese un penúltimo parágrafo ao artigo 9.6º, que queda redactado co seguinte teor:

«Nos municipios que se determinen como ámbito territorial de prezo máximo superior, o prezo máximo legal de referencia por metro cadrado de superficie útil será de 1,80 polo prezo básico nacional vixente, para as vivendas de renda concertada».

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, seis de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

*Decreto 180/2007, do 6 de setembro, polo que se modifica o Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia.*

En data 19 de setembro de 2006 publicouse o Decreto 157/2006, que delimita o ámbito de aplicación e os procedementos xerais da cédula de rehabilitación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia.

O artigo 5º do Decreto 157/2006 define as persoas beneficiarias das subvencións que poderán ser convocadas por ordes anuais da Consellería de Vivenda e Solo. No citado artigo establécese como requisito das persoas beneficiarias ter sido promotoras das actuacións de rehabilitación ou renovación. No artigo 6º do mesmo decreto recóllese como requisito das vivendas estar en posesión da cédula de rehabilitación de calidade concedida durante os dous anos inmediatamente anteriores aos da presentación da solicitude.

O tempo que media entre o inicio das actuacións rehabilitadoras, tuteladas e avaliadas pola Consellería de Vivenda e Solo, e a solicitude da subvención pode abarcar entre un e catro anos. É posible, polo tanto, que durante este período de tempo se produza o falecemento da persoa inicialmente promotora das actuacións de rehabilitación ou renovación, antes de rematar as obras ou de poder solicitar a subvención.

Nas axudas de rehabilitación, ao igual que nas restantes axudas á vivenda en xeral, considérase o conxunto da unidade familiar, ou convivencial, residente na vivenda como a beneficiaria das actuacións subvencionadas, polo que debe a unidade familiar, ou convivencial, asumir tamén os custos. Por este motivo, establécese o requisito máximo de renda da persoa solicitante obtido en función do conxunto de ingresos familiares.

No caso de falecemento da persoa solicitante, a parella ou cónxuxe usufrutuario ou os herdeiros residentes na vivenda, ou que vaian residir nela, deberán soportar as cargas das actuacións realizadas ou por realizar, sen poder obter os beneficios do procedemento.

Por outra banda, a disposición transitoria do citado Decreto 157/2006 establece un réxime transitorio para aquelas subvencións presentadas dentro do prazo establecido nas convocatorias publicadas con anterioridade e que aínda non acadaron a fase de concesión seguindo as respectivas normativas reguladoras.

As normas referidas son os decretos 228/2002, do 20 de xuño, e 304/2000, do 21 de decembro, sobre subvencións a fondo perdido para a rehabilitación de vivendas no medio rural de Galicia; os decretos 295/2002, do 17 de outubro, e 127/2001, do 25 de maio, sobre subvencións a fondo perdido para a reconstrución protexida de vivendas no medio rural de Galicia; Decreto 234/2003, do 3 de abril, sobre